

# Obituario

---



Foto cedida por Eduardo Ramil

Xa case no prelo este número de CROA, chéganos a mala nova do pasamento do noso consocio José Manuel Caamaño Gesto, logo de pasar unha longa e mala racha familiar que tamén, finalmente, o pillou a el. Un amigo máis que se vai (e van...) deixándonos orfos de amizade e de coñecementos.

Manolo Caamaño, pois así foi sempre para os seus achegados, fíxose membro da nosa Asociación de Amigos do Castro de Viladonga desde comezos de 1990, ós poucos meses da súa fundación e era un asiduo visitante acompañando os seus grupos de alumnos da Universidade de Santiago onde desenvolveu toda a súa carreira profesional desde 1971 ata a súa xubilación en 2016 e na que impartiu ensinanzas e dirixiu numerosas Tesinas e Teses ata o seu último alento.

Tivemos a sorte de compartir con el amizade xa desde a nosa coincidencia durante toda a carreira de Filosofía e Letras así como (por 3 anos) no Seminario de Arqueoloxía da Facultade creado polo noso común profesor e recordado mestre Alberto Balil Illana.

Manolo Caamaño, ademais de ser unha persoa querida por amigos, profesores e alumnos - pois procuraba non enfrontarse nunca a ninguén e amañalo todo co diálogo -, foi tamén un escrupuloso arqueólogo, tanto nos traballos de campo coma nos estudos de gabinete e aí queda a súa bio-bibliografía para certificarlo. Podemos dar testemuño diso pois coincidimos con el nas escavacións de Torres de Oeste e dos Castros do Neixón, nas de Lugo cidade (con anécdotas impagables que sempre recordaremos) ou nas prospeccións da serra do Courel, todas elas na década dos pasados anos 70, ademais de ter ocasión de seguir de preto os seus prolongados traballos sobre o campamento romano de Cidadela, lembrando -agora que este tipos de sitios arqueolóxicos están tan "de moda"- que foi el quen fixo a primeira escavación científica dun deles.

Familiarizado tamén co mundo da epigrafía romana (a súa Tese de Licenciatura versara sobre os *Aelii* en Hispania), acae aquí como nunca o sentido desexo latino dalgunhas inscricións funerarias: *Ut qui legis dicas, sit tibi terra levis*.

Felipe Arias Vilas